

Expediente	Beneficiario	Subvención ano 2009 (en euros)	Subvención ano 2010 (en euros)	Total (en euros)
NE-0115/09	Villalón, S.A.	52.836,39	51.084,76	103.921,15
NE-0123/09	Empresa Trigo, S.L.	20.250,00	19.610,00	39.860,00
NE-0124/09	Gómez de Castro, S.A.	11.524,26	10.741,88	22.266,14
NE-0125/09	Rías Altas, S.A.	6.951,13	3.936,98	10.888,11
NE-0126/09	Aguas de Incio, S.A.	10.708,86	9.956,68	20.665,54
NE-0127/09	Autocares Guerra, S.L.	10.638,92	9.262,48	19.901,40
NE-0128/09	Empresa Montañesa, S.L.	10.504,68	9.440,06	19.944,74
NE-0129/09	Empresa Monforte, S.A.	58.333,08	55.155,80	113.488,88
NE-0132/09	Viuda de Alfredo Labora, S.A.	20.453,28	18.984,64	39.437,92
NE-0133/09	Autos Grabanxa, S.L.	46.923,66	42.999,24	89.922,90
NE-0136/09	Ruta Bus, S.A.	20.657,67	19.181,46	39.839,13
NE-0137/09	Autocares Salvado, S.A.	33.602,70	32.402,70	66.005,40
NE-0138/09	Autos Gómez, S.L.	58.246,45	57.046,45	115.292,90
NE-0140/09	Empresa Toén, S.L.	30.184,34	29.784,34	59.968,68
NE-0141/09	Empresa Gómez de Mesía, S.L.	45.255,99	43.268,99	88.524,98
NE-0146/09	Autocares Alfer, S.A.	75.169,45	74.769,45	149.938,90
NE-0149/09	Manuel Ferrín, S.L.	12.102,33	12.106,12	24.208,45
NE-0156/09	Autna, S.L.	41.333,78	25.385,22	66.719,00
NE-0158/09	José Luis Longarela Suárez	33.956,08	29.421,74	63.377,82
NE-0168/09	Estévez Avión, S.L.	6.763,92	7.177,58	13.941,50
Totais		2.181.435,22	2.007.835,92	4.189.271,14

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 11 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se nomea e se fai pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional para o ano 2010.*

Mediante a Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, acórdase convocar de xeito ordinario probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Segundo a autorización establecida no artigo 6 da Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Facer pública a composición do tribunal avaliador que deberá xulgar as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia

para o ano 2010 que figuran no anexo desta resolución.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que corresponden á categoría terceira, segundo o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010.

José Luis Mira Lema  
Director xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

### ANEXO

Presidente: Alfonso González González, inspector de Educación.

Vogais:

Xesús Cociña Souto, profesor de ensino secundario.

Elva Boullosa Moure, profesora de ensino secundario.

Juan Granados Loureda, catedrático de ensino secundario.

Pedro Martín Aláez, profesor de ensino secundario.

Enrique Álvarez Escudero, catedrático de ensino secundario.

David Rodríguez Miguens, profesor de ensino secundario.

Francisco Javier Boado Rial, profesor de ensino secundario.

Isabel Otero García, profesora de ensino secundario.

Ricardo Puig de ILano, profesor de ensino secundario.

Pilar Peñas Boleas, profesora de ensino secundario.

Pedro Pérez Vérez, catedrático de ensino secundario.

Juan José Raíces Silva, profesor de ensino secundario.

Antonio Lago Dacosta, profesor de ensino secundario.

Nuria Isabel Fernández García, profesora de ensino secundario.

Elena Nogueira Rivadulla, profesora de ensino secundario.

Suplentes:

Presidenta: Carmen García Rodríguez, inspectora de Educación.

Vogais:

Serafín Vázquez Álvarez, profesor de ensino secundario.

Lucía Abuñ Abel, profesora de ensino secundario.

Mª Rosario García Deibe, profesora de ensino secundario.

Manuel Lago Sánchez, profesor de ensino secundario.

M<sup>a</sup> Elena Guntiñas Rodríguez, catedrática de ensino secundario.

M<sup>a</sup> Esperanza Vázquez Iglesias, profesora de ensino secundario.

José Antonio Rodríguez Fernández, catedrático de ensino secundario.

Manuel Bilbao Salcedo, profesor de ensino secundario.

Dolores Carballo Davila, profesora de ensino secundario.

Manuel Lama Grande, catedrático de ensino secundario.

Luis M. Villaverde López, catedrático de ensino secundario.

Belisario Sánchez Miniño, profesor de ensino secundario.

Hermógenes Cobas Gamallo, catedrático de ensino secundario.

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 17 de febreiro de 2010 pola que se acorda a cesión en propiedade de tres ordenadores, tres monitores e unha fotocopiadora á Asociación de Veciños Pedra do Fuso.*

A Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, permite a cesión

de bens mobles da comunidade autónoma sempre que se dediquen a fins de utilidade pública ou interese social, e o Decreto 50/1989, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 3/1985, exige que a orde de cesión exprese a finalidade concreta a que a entidade beneficiaria debe destinar os bens, así como as súas condicións.

A *Asociación de Veciños Pedra do Fuso* de Augapesada-Ames, inscrita co número 2006-10061-1 no rexistro de asociacións e co CIF número G970076278, carece de fins lucrativos segundo o establecido no artigo 1 dos seus estatutos. Esta entidade solicitou á Consellería de Cultura e Turismo a cesión de equipamentos informáticos que xa estean en desuso, para poder realizar actividades de apoio e reforzo en informática para os veciños de Augapesada.

A tal fin, a Consellería de Cultura e Turismo tramitou o expediente de cesión, de conformidade co disposto no artigo 35 bis da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 96 bis do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo.

Polo exposto, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade a favor da *Asociación de Veciños Pedra do Fuso*:

Tipo	Marca	Modelo	Nº serie	Características			
				Pulgadas	Procesador	Mb ram	Gb disco
UCP	Vina		V557524/5		AMD Sempron	512	80
UCP	Tech Data	Devaloc	115981		P4	256	40
UCP	Tech Data	Devaloc	115985		P4	256	40
Monitor	Acer	AL1512	ETL12090123510010APQ01	15" CRT			
Monitor	Acer	AL1714	ETL120804540300CBFPK00	17" CRT			
Monitor	Philips	170S4	HD000347008304	17" CRT			
Fotocopiadora	Mita	Point Source VI 310	WE37 011403H				

#### Artigo 2º

As cesións sinaladas no artigo anterior quedan sometidas ás seguintes cláusulas:

a) Os bens cedidos, tal como establecen os artigos 35 bis, da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 96 bis, do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinaranse a fins de utilidade pública ou interese social da *Asociación de Veciños Pedra do Fuso*, en concreto a realizar actividades de apoio e reforzo en informática para os veciños de Augapesada.

b) Coa cesión outórgase á *Asociación de Veciños Pedra do Fuso* a propiedade dos bens mobles cedidos.

c) Se os bens cedidos non se aplicaren aos fins sinalados, se se descoidaren ou utilizaren con grave quebranto ou se incumpriren as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens revertirán á Comunidade Autónoma de Galicia que terá dereito a percibir, despois da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioración que experimentaren.

d) Serán pola conta da entidade cesionaria todos os gastos de conservación e mantemento dos bens mobles cedidos.

#### Artigo 3º

As referidas cesións formalizaranse mediante acta subscripta polo secretario xeral desta consellería ou